



**BASES PARA A CONTRATACIÓN DE 2 PEÓNS/PEOAS DE OBRAS PÚBLICAS, PARA 6 MESES E 15 DÍAS (XORNADA LABORAL DO 90%) DO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL MEDIANTE A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS DOS CONCELLOS DA PROVINCIA PEL-CONCELLOS 2025.**

**BASE 1. OBXECTO DA CONVOCATORIA E DURACIÓN DO CONTRATO**

Programa de contratación de persoal para a execucións de obras e servizos municipais do Concello de Boqueixón, subvencionado a través do Plan de emprego Local PEL-CONCELLOS 2025.

O obxecto da convocatoria é realizar a contratación 2 peóns/peoas de obras públicas para un período de 6 meses e 15 días, cunha xornada laboral do 90%. As persoas candidatas terán que estar desempregadas e inscritas no Servizo Público de Emprego na data do inicio do proceso selectivo.

Período da contratación: 6 meses e 15 días a contar dende a data de inicio do contrato; o contrato non se estenderá máis alá do 31.12.2024, conforme ao Programa de Integración Laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia PEL-CONCELLOS 2025.

A modalidade de contrato é a de contrato temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral a tempo parcial 505.

**BASE 2. FUNCIÓNS DA PRAZA E RETRIBUCIÓNS**

- 1 As tarefas a realizar polos 2 peóns/peoas de obras públicas son as seguintes:
- Recollida de lixo nos 105 lugares do municipio.
  - Limpeza e desbroce en áreas recreativas (Ledesma, Gastrar, entorno Capela de San Paio, Sucira, etc.) e nos accesos a núcleos de poboación.
  - Limpeza viaria de beirarrúas e prazas públicas por medios manuais e varredora nas 14 parroquias do concello.
  - Pequenas obras de reparacións, conservación e mantemento de edificios e de espazos públicos de titularidade municipal.
  - Protección da salubridade pública

A retribución do salario mensual bruto incluída a parte proporcional das pagas extras do traballador será de 1.617,25 euros/mensuais de acordo a unha xornada laboral do 90%, e axustada ás necesidades do servizo.

**BASE 3. SISTEMA SELECTIVO**



## CONCURSO – OPOSICIÓN

### BASE 4. REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES

Para a admisión das persoas aspirantes ó proceso selectivo para a realización das probas selectivas, será necesario cumprir os seguintes requisitos mínimos (artigo 56 do TREBEP):

- a) Nacionalidade. Ter a nacionalidade española ou ser nacional dun Estado membro da Unión Europea, nos termos previstos no artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. Así mesmo as persoas estranxeiras con residencia legal en España poderán acceder ás Administracións Públicas, como persoal laboral, en igualdade de condicións cos españois.
- b) Idade. Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Capacidade funcional. Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas obxecto dos postos ofertados.

A condición de discapacitado/a e a súa compatibilidade acreditarase pola correspondente certificación.

- d) Habilitación. Non ter sido despedido/a mediante expediente disciplinario, de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á cal se pertencía. Idéntico requisito esixido aos nacionais doutros Estados, no seu caso.

Así mesmo, de conformidade coa Lei Orgánica 1/1996, de Protección Xurídica do menor, non ter sido condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual.

- e) Compatibilidade. Nos estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade para o exercicio de funcións públicas conforme ao establecido na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.
- f) Titulación. Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións ou equivalentes:
  - Certificado de escolaridade ou equivalente.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá posuír a credencial que acredite a súa



homologación.

g) Estar inscrito/a no Servizo Público de Emprego como desempleado/a na data do inicio do proceso selectivo. (Terán que achegar orixinal ou copia compulsada da tarxeta de demandante de emprego do Servizo Público de Emprego).

h) Estar en posesión do permiso de conducir tipo B. Acreditar mediante a presentación da orixinal ou copia cotexada do carné de conducir.

i) O apartado 2 da base 3 de convocatoria do Programa de Integración Laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia (PEL-CONCELLOS 2025), estipula que **as persoas a contratar no programa deberán estar incluídas en situación de exclusión laboral**. Estas situacións son as seguintes:

- Mulleres, o ter un diferencial do índice de desemprego rexistrado sensiblemente superior ó dos homes.
- Maiores de 45 anos.
- Persoas desempregadas de longa duración: Ós efectos deste programa, considéranse parados de longa duración aquelas persoas que leven un mínimo dun ano inscritos como demandantes de emprego no servizo público de emprego.
- Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual ou superior ó 33%. A acreditación da discapacidade será comprobada polo concello no proceso de selección das persoas a contratar.
- Persoas en situación de drogodependencia.
- Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego.
- Persoas con fogar monoparental/monomarental.
- Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.
- Persoas vítimas de violencia de xénero.
- Persoas sen fogar.

j) Para que teñan validez neste proceso selectivo, todos os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia



(galego ou castelán). No caso de tratarse de documentos expedidos noutras Comunidades Autónomas, para que teñan validez deberán estar redactados en lingua castelá ou traducidos polo organismo competente na respectiva Comunidade. Tratándose de documentos expedidos nun país estranxeiro, deberán estar debidamente traducidos, validados e apostilados pola correspondente oficina diplomática española ou organismo competente.

## **BASE 5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

1 Para tomar parte na selección as persoas interesadas deberán solicitar, no prazo e lugares sinalados no punto 4 desta base 5ª, a súa participación mediante a instancia que se recolle no Anexo I destas Bases, dirixida ao Alcalde do Concello.

2 A instancia debe ir acompañada dos seguintes documentos:

- a) Do DNI ou documento equivalente. Quedan eximidos da necesidade de presentación do DNI ou documento equivalente aqueles aspirantes que presenten a súa instancia de xeito electrónico a través da sede electrónica do concello de Boqueixón.
- b) Titulación requirida para ocupar a praza conforme ao previsto na base anterior.
- c) Carné de conducir clase B.
- d) CELGA 2 (ou superior) ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, para aquelas persoas aspirantes que desexen ser eximidos da realización da proba de galego.
- e) A documentación, orixinal ou copia compulsada, acreditativa da situación ou situación de exclusión laboral de cada persoa traballadora desempregada, é a seguinte:

<b>Situación ou situacións de exclusión laboral</b>	<b>Documentos acreditativos</b>
Mulleres e persoas maiores de 45 anos	DNI.
Persoas desempregadas de longa duración (persoas que leven 1 ano inscritas como demandantes de emprego)	Informe/certificado do Servizo Público de Emprego vixente na data de publicación da convocatoria
Persoas con discapacidade.	Certificado acreditativo da discapacidade igual ou superior ao 33%, expedido polo administración competente vixente na data de publicación da convocatoria.
Persoas en situación de drogodependencia, con problemas para encontrar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais, persoas	Informe da traballadora social do municipio. Que o expedirá á petición do



## CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte 18  
15881 Boqueixón (A Coruña)  
Tífs: 981 513 061 – 981 513 052  
[sede.boqueixon.com](http://sede.boqueixon.com)  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

con fogar no que ningún dos seus membros teña emprego, fogar monoparental/monomarental ou persoas sen fogar, vítimas de violencia de xénero.	candidato/a interesado/a.
--	---------------------------

Os méritos admisibles e avaliábeis serán unicamente os presentados no período establecido de presentación de solicitudes. A falta de acreditación dos méritos non será emendable e xerará a non valoración dos mesmos.

h) A documentación a que se refiren os apartados anteriores poderá ser presentada en copia simple do orixinal. Non obstante conforme establece o artigo 28 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, o concello cando considere que existen dúbidas derivadas da calidade da copia, poderá solicitar o cotexo das copias aportadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal. En todo caso as persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten, reservándose este concello a facultade de exercer as medidas de esixencia de responsabilidade oportunas no caso de falsedade na documentación achegada.

4 O prazo para a presentación de instancias, no rexistro xeral do concello (O Forte núm. 18, 15881 Boqueixón - A Coruña), ou de xeito telemático na Sede Electrónica do Concello de Boqueixón (<https://sede.boqueixon.com/sxc/es/>) ou por calquera dos procedementos que prevé o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de 2015, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, será de DEZ (10) DÍAS HÁBILES contados desde o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. Se o derradeiro día fose inhábil o prazo rematará ao seguinte día hábil. No caso de que se remita a documentación por correo postal ou mediante presentación no rexistro doutra Administración que careza de Sistema de Intercambio de Rexistros (SIR) deberá facelo constar mediante a remisión unha copia da instancia xa rexistrada ao correo electrónico [emprego@boqueixon.com](mailto:emprego@boqueixon.com) antes do remate do prazo de presentación de solicitudes.

Un vez finalizado o proceso de selección as persoas candidatas titulares da praza terán que cumprir co establecido na BASE 11 desta convocatoria.

### BASE 6. PUBLICIDADE

A publicidade das bases faranse mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no taboleiro de edictos do concellos de Boqueixón, na páxina web municipal [www.boqueixon.gal](http://www.boqueixon.gal) e no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal.

Os resultados da valoración da fase de concurso e os resultados da fase de oposición, citacións e emprazamentos ás persoas aspirantes, así coma calquera actuación do tribunal cualificador



levaranse a cabo unicamente a través do taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Boqueixón, medio exclusivo de notificación aos interesados de conformidade co previsto no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, salvo que estas bases dispoñan expresamente o contrario. Non obstante o concello, se o estima oportuno, poderá utilizar ademais outros medios de publicación ou comunicación.

## **BASE 7. ADMISIÓN DE ASPIRANTES**

Despois de rematar o prazo de presentación de solicitudes, o alcalde, mediante resolución aprobará a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas coa indicación da causa de exclusión. Esta resolución será definitiva de non haber persoas excluídas..

A resolución provisional concederá o prazo de 10 días hábiles contados desde o día seguinte á publicación da mesma no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Boqueixón, para que as persoas interesadas que o consideren oportuno procedan a emendar as deficiencias ou presentar as alegacións que estimen oportunas contra a lista provisional de persoas admitidas.

As emendas referiranse exclusivamente á documentación existente e con data anterior á finalización do prazo para a presentación de solicitudes contemplado no punto 5.4 destas bases. Non se admitirá a presentación de documentación acreditativa de méritos alegados que non fora aportada no prazo inicial de presentación de instancias ou a emenda ou corrección do Anexo II xa presentado.

A resolución definitiva conterà:

- 1 A lista definitiva das persoas aspirantes admitidas e excluídas con expresión dos motivos da exclusión.
- 2 A designación do tribunal cualificador.
- 3 Lugar e data para a valoración dos méritos e proba/s práctica/s.

Ditas resolucións publicaranse tal e como recolle a base sexta.

Para dúbidas as persoas aspirantes poderán chamar ó 981513061 (Departamento de Emprego e Formación).

## **Base 8. Tribunal cualificador**

Consonte cos artigos 55 e 60 do RDLex 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto



## CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte 18  
15881 Boqueixón (A Coruña)  
Tífs: 981 513 061 – 981 513 052  
[sede.boqueixon.com](mailto:sede.boqueixon.com)  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, co Real Decreto 896/1991, polo que se establece as regras básicas e os programas mínimos aos que teñen que axustarse os procedementos de selección dos/as funcionarios/as na Administración Local e co artigo 11 do Real Decreto 364/1995, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado, o tribunal terá unha composición mínima de cinco membros e contará cos seguintes:

**Presidente:** Secretario da Corporación ou quen legalmente o substitúa ou funcionario/a en quen delegue.

**Secretario/a** Un/unha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo pertencente ao grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada ou que legalmente o substitúa. Actuará con voz pero sen voto.

**Vocal 1** Un/unha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo pertencente ao grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada ou que legalmente o substitúa.

**Vocal 2** Un/unha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo pertencente ao grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada ou que legalmente o substitúa.

**Vocal 3** Un/unha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo pertencente ao grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada ou que legalmente o substitúa.

No momento do seu nomeamento designaranse ás persoas suplentes dos seus integrantes.

As persoas integrantes do Tribunal deberán absterse de formar parte deste, cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro de réxime xurídico do Sector Público, notificándoo á autoridade convocante, ou cando tiveran realizado tarefas de preparación a probas selectivas semellantes á aquí convocada nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. As persoas aspirantes, igualmente, poderán recusar aos membros do Tribunal de acordo co artigo 24 da mencionada Lei.

Para a válida constitución do tribunal terán que estar presentes o/a presidente/a e o/a secretario/a ou persoas que legalmente as substitúan e dous vocais. De conformidade co previsto no artigo 17 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público o Tribunal poderase constituír, convocar, celebrar as súas sesións, adoptar acordos ou remitir actas tanto de forma presencial como a distancia. Nas sesións que celebre o tribunal a distancia os seus membros poderán atoparse en distintos lugares sempre e cando se asegure por medios electrónicos, considerándose tamén tales os telefónicos e audiovisuais, a identidade dos membros ou persoas





que as suplan legalmente, o contido das súas manifestacións, o momento nas que estas se produzan, así como a interactividade e intercomunicación en tempo real entre eles e a dispoñibilidade dos medios durante a sesión.

O tribunal cualificador poderá, se o considera oportuno, valerse de especialistas sobre unha determinada materia que actuarán con voz pero sen voto e que poderán emitir cantos informes ou ditames lles solicite o tribunal, non sendo tales informes de carácter vinculante. Sempre que así o acorde o Tribunal, no caso de ser necesario a realización de sorteos de desempate entre dous aspirantes, este poderase realizar en acto público coa soa presenza de a lo menos dous dos membros do Tribunal onde un deles obrigatoriamente terá que ser o/a Secretario/a.

## **BASE 9. PROCESO DE SELECCIÓN**

As persoas aspirantes serán convocadas en chamamento único, quedando decaídas no seu dereito aquelas que non comparezan.

O tribunal cualificador realizará:

Proba/s práctica/s	12 puntos é a puntuación máxima a acadar e 6 puntos é a puntuación mínima a acadar
Baremación colectivos	6 puntos
Baremación méritos	1 puntos
Proba de galego (naqueles casos en que non se acredite estar en posesión do CELGA 2)	Apto/a ou non apto/a
Puntuación máxima a acadar	19 puntos

### **PROBA/S PRÁCTICA/S: Máximo de 12 puntos/ Mínimo de 6 puntos.**

Esta proba ten carácter obrigatorio e eliminatorio.

O tribunal cualificará este exercicio entre 0 e 12 puntos. E para superalo terá que acadarse unha puntuación mínima de 6.

Consistirá nunha ou varias probas de carácter práctico acordada/s polo tribunal seleccionador antes da realización das mesmas, determinando tamén o tempo de realización das proba/s. Estarán relacionadas coas tarefas que o posto require, é dicir, manexo do equipo de traballo e vehículos municipais, maquinaria de obras e xardinería. Por exemplo: desbrozadoras, varredora, tractor, circular, cortasetos, motoserra, equipo de protección individual, etc.

Para realizar a proba práctica o concello decidirá o protocolo a seguir a/s proba/s práctica/s das persoas candidatas.





**BAREMACIÓN COLECTIVOS DAS SITUACIÓNS DE EXCLUSIÓN LABORAL: Máximo de 6 puntos**

Valorarase cada un deles a razón de 1 punto, podendo ser acumulativos. Sendo o máximo a acadar neste apartado 6 puntos. As persoas candidatas deberán acreditar documentalmente estas situacións.

<b>Colectivo</b>	<b>Puntuación</b>
Mulleres, o ter un diferencial do índice de desemprego rexistrado sensiblemente superior ó dos homes.	1
Maiores de 45 anos cumpridos.	1
Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida unha discapacidade en un grado igual ou superior ó 33%.	1
Persoas desempregadas de longa duración: Ós efectos deste programa, considéranse parados de longa duración aquelas persoas que leven un mínimo de 1 ano como demandantes de emprego, segundo o informe/certificado do Servizo Público de Emprego.	1
Persoas desfavorecidas en situación de drogodependencia.	1
Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña Emprego.	1
Persoas con fogar monoparental/monomarental.	1
Persoas con problemas para encontrar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.	1
Persoas vítimas de violencia de xénero.	1
Persoas sen fogar.	1

**BAREMACIÓN DE MÉRITOS: Máximo de 1 punto**

Valorarase como mérito ter finalizado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mercado laboral organizados e/ou financiados polas Administracións Públicas.

**Polo tanto, valorarase con 0,50 puntos ter finalizado favorablemente un deste tipo de programas. Sendo o máximo a acadar neste apartado 1 punto.**

Os méritos admisibles e avaliados serán unicamente os presentados no período establecido de presentación de solicitudes.

A falta de acreditación dos méritos **non será emendable** e xerará a non valoración dos mesmos.

**CRITERIOS DE DESEMPATE.**

No caso de empate a orde do desempate establecerase atendendo sucesivamente ós seguintes criterios:



## CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte 18  
15881 Boqueixón (A Coruña)  
Tífs: 981 513 061 – 981 513 052  
[sede.boqueixon.com](http://sede.boqueixon.com)  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

- a) Maior puntuación acadada na baremación do colectivo.
- b) Maior puntuación acadada no apartado de méritos.
- c) Maior puntuación obtida en cada un dos exercicios da fase proba práctica por orde en que se teñan realizado.

d) no caso de que persista o empate, atenderase á primeira letra do primeiro apelido seguindo a orde alfabética aprobada pola Xunta de Galicia que marca a orde de actuación dos/as aspirantes nos procesos selectivos para o ingreso na Administración Autonómica de Galicia que se deriven da oferta de emprego público correspondente ao ano 2025 (letra “F”, DOG núm. 16 do 24 de xaneiro de 2025).

Nos apelidos compostos coa preposición de, da, do, de la, d'..., a mesma non será tida en conta (por exemplo: Marta de Fernández. A letra a ter en conta será o “F”). De persistir o empate, atenderase á segunda letra do primeiro apelido, seguindo a orde alfabética anterior, e así ata desfacer o empate; continuando polo segundo apelido e finalmente polo nome.

### PROBA DE COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

O artigo 51.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, establece que (...) *para darlle cumprimento á normalización do idioma galego nas Administracións Públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas Administracións Públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do Galego po parte dos poderes públicos de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das Administracións Públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei incluíranse un exame de galego, agás para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega consonte á normativa vixente. As bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e, se é o caso, a valoración do coñecemento da lingua galega (...).*

Polo tanto, todas aquelas persoas aspirantes que non acrediten o coñecemento da lingua galega conforme ao previsto na base 5.1.d) das presentes bases deberán someterse a unha proba de galego de 30 minutos de duración como máximo e que será cualificada como apto / non apto. Estarán exentas da realización deste exame de galego as persoas aspirantes que teñan acreditado o coñecemento da lingua galega, mediante a presentación do correspondente certificado de aptitude (CELGA ou equivalente) que corresponda, dentro do prazo de presentación de solicitudes.

### BASE 10. PUBLICACIÓN DE PUNTUACIÓNS E PROPOSTA DE NOMEAMENTO.

Concluídas as probas selectivas o Tribunal fará pública a través do taboleiro de anuncios da sede electrónico municipal a puntuación outorgada a cada aspirante e concederase un prazo de 5 días hábiles para a presentación de alegacións ou reclamacións.

Transcorrido dito prazo o Tribunal resolverá as alegacións ou reclamacións presentadas, e no caso de non realizarse ningunha, considerarase como definitivas as puntuacións outorgadas.



A puntuación definitiva farase igualmente pública no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal.

Concluídas as probas selectivas e fixadas as puntuacións definitivas o Tribunal realizará proposta de nomeamento/contratación dos 2 aspirantes que figuren con maior puntuación, constituíndo o resto de aspirantes aprobados listaxe de reserva por orde descendente da puntuación acadada. Dita lista de reserva ten por obxecto que cando se produzan renuncias dos aspirantes seleccionados, baixas por enfermidade ou cando da documentación achegada se desprenda que non cumpren cos requisitos esixidos na convocatoria ou por circunstancias sobrevidas se deduza a imposibilidade de incorporación dalgún aspirante antes do seu nomeamento, firma do contrato laboral ou durante a vixencia do contrato, procederase a propoñer ao aspirante que quedara en seguinte lugar). Cando a comisión seleccionadora non poida efectuar proposta de nomeamento por non ter concorrido os aspirantes ou por non ter acadado a puntuación esixida para superar as probas selectivas, elevará proposta á alcaldía de que se declare deserta.

#### **BASE 11. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS POLO ASPIRANTE PROPOSTO.**

O/A aspirante proposto/a, achegará no prazo máximo de 10 días naturais, contados a partir da publicación da lista de puntuacións definitiva no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal, os documentos seguintes:

1º Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no seu Estado, o acceso ó emprego público.

2º Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da súa toma de posesión.

3º Documento de autorización do uso e cesión de datos de carácter persoal a favor do Concello de Boqueixón en modelo facilitado polo concello.

4º Comunicación do número de afiliación á seguridade social.

5º Certificación de número de conta bancario expedido pola entidade bancaria.

6º Tarxeta de demandante de emprego do servizo público de emprego actualizada.

No mesmo prazo sinalado para a presentación da documentación, a persoa aspirante seleccionada



## CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte 18  
15881 Boqueixón (A Coruña)  
Tífs: 981 513 061 – 981 513 052  
[sede.boqueixon.com](mailto:sede.boqueixon.com)  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

someterase ó recoñecemento médico polos servizos do Concello, para acreditar que non padece enfermidade ou defecto físico nin psíquico que impida o desempeño das correspondentes funcións.

As persoas aspirantes que fagan valer a súa condición de persoas con discapacidade deberán presentar certificado dos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Seguridade Social que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativo da compatibilidade do desenvolvemento das tarefas e funcións correspondentes.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta Base ou non sometemento ao recoñecemento médico esixido e agás nos casos de forza maior, ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados nestas bases, suporá que a persoa aspirante non poderá ser contratada e quedarán anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que houberan incorrido por falsidade na solicitude de participación. Neste caso procederá a requirírselle a documentación á persoa aspirante que tivera quedado en segunda posición concedéndolle idéntico prazo para que proceda a presentala.

### **BASE 12. NOMEAMENTO E TOMA DE POSESIÓN**

O Alcalde-Presidente procederá á contratación das persoas candidatas propostas polo Tribunal unha vez presenten a correspondente documentación.

Unha vez presentada toda a documentación, notificaráselle á persoa interesada que cumpre con todos os requisitos, debendo no prazo de 5 días naturais contados desde a notificación comparecer para a formalización do contrato. Deberá comunicar por escrito a data na que pretende comparecer para a formalización do contrato a lo menos con 2 días de antelación.

De non comparecer no prazo de 5 días naturais anteriormente indicados, sen mediar causa xustificada será declarado en situación de cesante e procedéndose ao chamamento da seguinte persoa aspirante que tivera a mellor puntuación para que aporte a documentación sinalada nestas bases e formalice o contrato laboral.

### **BASE 13. RECURSOS**

Contra a resolución de alcaldía que aprobe as presentes bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso Administrativo, no prazo de dous (2) meses contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña*, segundo o artigo 46.1 da Lei 29/1998 de 13 de xullo da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Así mesmo poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o Alcalde-Presidente, no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso



selectivo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).

No caso de que se interpoña o recurso potestativo de reposición, ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo (artigo 123.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas). Transcorrido o prazo de un (1) mes desde a interposición do recurso de reposición sen que se teña recibido notificación da resolución do mesmo este se poderá entender desestimado conforme ao previsto no artigo 24.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Sen prexuízo do período de alegacións establecido na base 10, contra os acordos, actas e valoracións realizadas polo Tribunal de Selección caberá a posibilidade de interpoñer recurso de alzada no prazo de un (1) mes a contar desde a publicación ou notificación do acordo, de conformidade co previsto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante a Alcaldía-Presidencia da Corporación.

O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de alzada será de tres (3) meses, transcorrido este prazo sen que recaia resolución, poderase entender desestimado o recurso conforme o previsto no artigo 122.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

#### **BASE 14. NORMATIVA DE APLICACIÓN**

En todo o non previsto nas presentes bases estarase ao disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local; Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local; Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público; Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público; Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia; Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, así como a restante normativa de desenvolvemento da lexislación indicada.

#### **BASE 15. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

A participación no proceso selectivo implica o coñecemento, aceptación e consentimento para que os datos persoais aportados sexan obxecto de publicación a través da súa inserción no taboleiro de edictos e sede electrónica na web municipal: <https://www.boqueixon.gal/>, anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña cando así o requirise a tramitación do procedemento.

Por aplicación do principio de protección de datos os datos persoais que poden ser obxecto de



## CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte 18  
15881 Boqueixón (A Coruña)  
Tífs: 981 513 061 – 981 513 052  
[sede.boqueixon.com](mailto:sede.boqueixon.com)  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

publicación son o nome, apelidos e número de Documento Nacional de Identidade, no xeito previsto legalmente.